

O teixo

O teixo (*Taxus baccata* L.) é unha árbore cun enorme valor cultural, natural e científico, única especie do seu xénero (*Taxus*) e familia (*Taxaceae*) en España e resto de Europa, Norte de África e Oeste de Asia.

É unha especie dioica (as flores femininas e masculinas están en distintos pés, é dicir hai teixos femininos e teixos masculinos), de crecemento lento, perennifolio, podendo alcanzar os 20 metros de altura.




O tronco posúe unha codia pardo-agrisada e avermellada interiormente. A copa adoita ser moi ancha ou cónica, con ramas moi numerosas, longas, flexibles, e grosas, con ramillas estendidas ou colgantes. Emite brotes en tronco e ramas en todas as idades, ao desenvolverse unha grande cantidade de xemas durmintes, o que dá lugar a unha complexa ramificación.

A folla insírese helicoidalmente nas ramillas. Son de cor verde intensa e escura polo feixe e máis pálidas no envés.

A FLORACIÓN


A floración é entre febreiro e abril.



Flores femininas



Flores masculinas



O teixo é unha árbore tóxica por conter o alcaloide "taxina", que soamente falta na envoltura carnosa da semente.

A semente está parcialmente recuberta por unha cúpula carnosa vermello-escarlata (o arilo). A función deste arilo é a dispersión do teixo. É de estrutura carnosa, cheo de zume mucilaxinoso azucarado e atrae numerosos paxaros e outros animais que depositan as sementes coas súas dexeccións a grandes distancias da árbore nai.



Fotografías: Froilan Sevilla / Cesefor / Ibader

www.life-baccata.eu

SOCIOS



ADMINISTRACIONES COLABORADORAS

